

Obxecto:	Solicitud de informe do Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto de interese autonómico
Proxecto:	Parque eólico Neboada e liña de evacuación
Localización:	Parque: Vilamartín de Valdeorras e A Rúa (Ourense) e Quiroga (Lugo) Liña: A Rúa, A Pobra de Trives e San Xoán de Río (Ourense); Quiroga e Ribas de Sil (Lugo)
Promotor :	Maia Directorship S.L.
Remitente:	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN408A 2020/004
Data rexistro:	25.03.2022 (Estudo de impacto ambiental e proxecto de interese autonómico) 09.09.2022 (Documentación complementaria)
Expediente :	03.I.597.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía), IA3217/2020 (Servizo de Arquitectura) e SPR-2022-2156.AUI (Consello Asesor dos Camiños de Santiago)

O 25.03.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais no que, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, se solicita que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse o enlace para descargar os documentos de *Estudo de Impacto Ambiental. Parque eólico Neboada e liña de evacuación. Decembro 2021* e *Proxecto de interese autonómico. Parque eólico Neboada e liña de evacuación. Outubro 2021*, nos termos municipais de Vilamartín de Valdeorras, A Rúa, A Pobra de Trives e San Xoán de Río (Ourense) e Quiroga e Ribas de Sil (Lugo).

O 09.09.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais polo que se dá traslado da documentación complementaria remitida polo promotor en resposta ao requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 07.07.2022. Achégase o enlace para descargar o documento nomeado *"Resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 07.07.2022. Parque eólico Neboada e liña de evacuación. Agosto 2022"*.

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia, atópase nesta Dirección Xeral o seguinte antecedente:

- O 28.05.2020 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a arqueóloga María José Bóveda Fernández a realización dunha *Prospección arqueolóxica para avaliación do impacto arqueolóxico do Parque Eólico Neboada e liña de evacuación (S. Xoán de Río, Pobra de Trives, Vilamartín de Valdeorras e A Rúa (Ourense) e Ribas de Sil e Quiroga (Lugo))*, de acordo co proxecto de intervención presentado pola sociedade promotora ADANTIA, SL o 15.05.2020. Este proxecto de intervención recibe o código **CT 102A 2020/358-0**.
- O 04.07.2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural emite informe, no trámite de consultas da avaliación ambiental ordinaria, sobre o *Documento Inicial do Proxecto Parque Eólico Neboada 50 MW. Marzo 2020*. En dito informe, entre outras consideracións, sinálase que o Estudo de Impacto Ambiental deberá contar cunha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural de todo o ámbito afectado polo proxecto tanto do parque eólico (definido pola poligonal do proxecto) como da liña eléctrica de evacuación de enerxía e os accesos a empregar ata o parque desde as estradas xerais.

No dito informe solicítase unha análise do impacto visual do parque eólico desde o trazado do **Camiño de Inverno**, considerando conxuntamente ao menos o impacto visual dos parques eólicos Neboada e Orballeira. Asemade recoméndase a realización de análises de afección visual aos bens do patrimonio cultural próximos aos aeroxeradores.





Indicase que a execución da liña de evacuación tal como está deseñada, afecta ao Camiño de Santiago, e ao seu territorio histórico. Por iso, a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural da infraestrutura de evacuación deberá completarse cun estudo específico da afección sobre o Camiño de Santiago e o seu territorio histórico de cara a avaliar a incidencia da construción da liña de evacuación sobre o ben e o seu contorno e propor o soterrado da mesma dentro do territorio histórico.

Sinalase igualmente que a avaliación de impacto incluírá as actuacións que sexan necesarias para o paso do transporte especial no tramo compartido co Camiño de Santiago, que, en ningún caso, suporán perda dos valores nin do carácter actual do Camiño, e definíndose as medidas de protección pertinentes para a seguridade dos peregrinos. En todo caso, estudaranse outras alternativas de acceso que non sexan empregar o Camiño de Santiago.

- O deseño actual da infraestrutura eólica supón unha modificación substancial con relación á informada o 04.07.2021. As modificacións teñen como obxecto de non interferir en zonas de protección medioambiental e patrimonial: cambio de modelo de aeroxerador, redución do número de máquinas (de 12 a 8) e modificación das posicións.
- O 07.07.2022 a directora xeral de Patrimonio Cultural emite informe en relación co *Estudo de Impacto Ambiental Parque eólico Neboada e liña de evacuación. Decembro 2021 e Proxecto de interese autonómico. Parque eólico Neboada e liña de evacuación. Outubro 2021* no que se incide nas mesmas consideracións e requirimentos incluídos no informe do documento de inicio para que se achegue documentación complementaria.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997).
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades* (DOG núm. 101, do 27.05.2022).

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise dos documentos:

Estudo de impacto ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto PE Neboada e a súa LAT de evacuación, localizado no límite provincial das provincias de Ourense e Lugo. O parque proxéctase dentro da ADE Monte Cernego, en concreto nos concellos de Vilamartín de Valdeorras e A Rúa (Ourense) e Quiroga (Lugo). Pola súa parte a liña de evacuación proxectase nos termos municipais de A Rúa, Pobra de Trives e S. Xoán de Río (Ourense) e Quiroga e Ribas de Sil (Lugo).
- Analizado o documento compróbase que foron introducidos cambios respecto ao documento informado en fase de consultas ambientais, que describía un parque eólico con 12 máquinas de altura de buxa 105 m e diámetro de rotor 150 m (altura total 180 m).
O parque eólico desenvolvido no EIA é de 50 MW de potencia total, composto de 8 aeroxeradores





modelo Siemens Gamesa (7 deles cunha potencia unitaria de 6,2 MW e 1 de 6,6 MW) de 135 m de altura de buxa e 175 m de diámetro de rotor (altura total 220 m); e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, zonas de montaxe de grúas, plataformas de montaxe, zona de amoreamentos e parque de maquinaria, gabias de cableado, subestación eléctrica SET Neboada 30/220 kV, que será compartida polos parques eólicos Neboada, Orballeira e Xeada, edificio de control, torre meteorolóxica de 135 m de altura e liña eléctrica de evacuación.

- Como infraestrutura de evacuación proxéctase unha liña aérea de alta tensión de circuito simple de 220 kV (común para a evacuación de enerxía dos parques eólicos Neboada, Xeada e Orballeira) con inicio na subestación SET Neboada 30/220 kV, e final na subestación proxectada do parque eólico Treboada, mediante a cal conectará coa subestación Trives 220 kV, propiedade de Red Eléctrica de España (REE). O trazado proposto terá unha lonxitude de 15,2 km, contará con 46 apoios, e discorrerá polos concellos de Quiroga e Ribas de Sil en Lugo; e A Rúa, A Pobra de Trives e San Xoán de Río en Ourense.

Os accesos exteriores ao parque eólico realizaranse a partir da infraestrutura viaria da zona, desde a N-120, con saída pola estrada LU-933, e conexión con estrada municipal, común aos parques eólicos de Xeada, Orballeira e Neboada. cara o viario interior.

- Estímase que para levar a cabo o parque eólico executaranse un total de 14.789 m de viarios, dos que 8.664 m son viarios novos e 6.125 m son viarios a acondicionar. O ancho mínimo destas pistas é de 5 m.
- As gabias para aloxar o sistema colector do parque terán unha lonxitude de 9.533 m, cunha profundidade de entre 80 cms e 1 m e un ancho variable entre 50 e 90 cms depenendo do número de ternas a instalar.
- No documento ambiental valóranse dúas alternativas, tanto para a execución da liña de evacuación como para a construción do parque eólico, sendo escollida para ambas a alternativa A dado que, segundo os redactores, reduce o seu impacto paisaxístico e posibilidade de afección a elementos patrimoniais.
- En relación co **patrimonio cultural**, o apartado 9 *Inventario ambiental*, punto 9.4.10 *Patrimonio cultural*, remite ao estudo de impacto sobre o patrimonio cultural, que constitúe o anexo G do documento, no que se detallan os elementos patrimoniais localizados, así como os impactos producidos polo proxecto e se formulan as medidas preventivas e correctoras. Inclúe un resumo dos resultados dese estudo, identificando no ámbito do parque eólico un total de 52 elementos do patrimonio cultural, dos cales 23 son de carácter arqueolóxico, 27 de carácter arquitectónico etnolóxico, unha vía cultural (Camiño de Santiago-**Camiño de inverno**) e unha área de cautela aequolóxica.

O apartado 10 *Identificación e valoración de impactos*, punto 10.4.20 *Arqueoloxía e patrimonio cultural*, remite de novo ao anexo G do documento ambiental. O apartado 12 *Medidas preventivas e correctoras*, e respecto da protección do patrimonio cultural, indica que no anexo G Estudo arqueolóxico detállanse as medidas correctoras de carácter xenérico e específico.

- Como **Anexo G Estudo arqueolóxico**, achégase a Memoria II da *Prospección Arqueolóxica para o Estudo de Impacto sobre Patrimonio Cultural do Parque Eólico Neboada e liña de evacuación (Ourense e Lugo)*, asinada en outubro de 2021 pola arqueóloga María Paz Blanco Sanmartín, da empresa Gabinete de Arqueoloxía e Xestión do Patrimonio.

Para a redacción deste documento tomouse como base, e antecedente, a prospección arqueolóxica *Prospección arqueolóxica para avaliación do impacto arqueolóxico do Parque Eólico Neboada e liña de evacuación (S. Xoán de Río, Pobra de Trives, Vilamartín de Valdeorras e A Rúa (Ourense) e Ribas de Sil e Quiroga (Lugo), CT 102A 2020/358-0* e a Memoria I da *Prospección Arqueolóxica para Estudio de impacto patrimonial do PE Neboada*, abril 2021, asinado pola arqueóloga María José Bóveda Fernández da devandita empresa *Gabinete de Arqueoloxía e Xestión do Patrimonio*. Asemade, entre os días 25 e 31 de agosto do ano 2021, o equipo arqueolóxico fai unha nova revisión da zona prospectada inicialmente incidindo nas zonas afectadas pola modificación do proxecto eólico.

O documento valora o impacto arqueolóxico que o PE Neboada e a súa LAT ten sobre o





patrimonio cultural e propón as medidas correctoras que se consideran máis axeitadas para garantir a súa salvagarda. Para facer esta valoración leváronse a cabo as seguintes accións:

- baleirado da información patrimonial da zona (bibliografía, catálogos, toponimia, imaxes LiDAR,...);
- prospección de campo: extensiva dentro da poligonal e intensiva na banda de 200m a cada lado da infraestrutura do parque e a súa LAT de evacuación¹;
- memoria na que se identifica individualmente os bens arqueolóxicos que poden verse afectados polas obras, valórase os posibles impactos que estas poidan chegar a exercer sobre eles, e faise unha proposta das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias a aplicar para corrixir a afección patrimonial.

No subapartado 5.2. *Trabaja de Gabinete* recóllese unha táboa cos puntos de interese detectados durante os traballos de gabinete que posteriormente son contrastados en campo. O resultado destas comprobacións foi a localización de dous novos xacementos: *Mámoa 1 do Agro dos Currás GA 32063020* e *Mámoa 2 do Agro dos Currás GA 32063021*.

No subapartado 7.2. *Estudio Arqueolóxico* sinálase que a zona máis alta da serra tivo en época prehistórica unha gran actividade cultural e funeraria, destacan os túmulos megalíticos pertencentes a necrópole de *Mámoas do Monte das Medorras/As Medorras*, ao S e SW do Alto da Fraga da Cerva. Para completar o panorama patrimonial sinálase que na zona de estudo proliferan explotacións mineiras de época romana, vinculadas fundamentalmente coa ribeira do río Sil, como o complexo mineiro de Monte Furado, incluído no BIC Ribeira Sacra.

No apartado 8. *Impacto arqueolóxico* sinálase que despois de analizar a información patrimonial da zona e facer a prospección extensiva e intensiva, localizáronse 50 elementos patrimoniais, dos que 23 son de carácter arqueolóxico amais dunha área de cautela, 26 de carácter arquitectónico e etnolóxico e unha vía cultural.

Os bens de carácter arqueolóxico son os seguintes: *Mámoa de Monte das Medorras 6 GA 27050119*, *Mámoa de Monte das Medorras 7 GA 27050120*, *Mámoa de Monte das Medorras 8 GA 27050121*, *Mámoa de Monte das Medorras 10 GA 27050123*, *Mámoa de Monte das Medorras 11 GA 27050124*, *Mámoa do Monte das Medorras 14 RE 27050016*, *Mámoa do Monte das Medorras 15 RE 27050017*, *Mámoa de Monte das Medorras/Lagoa Grande 4 GA 27050030*, *Mámoa de As Medorras 5/Monte das Medorras 3 GA 32072010*, *Curral de Milleiros GA 32072013*, *O Caborco do Inferno/ A Canteira/ O Banzao GA 32088020*, *Mámoa 1 do Agro dos Currás GA 32063020*, *Mámoa 2 do Agro dos Currás GA 32063021*, *O Lago GA 27052038*, *Mámoa de As Medorras 7 GA 32072012*, *Cófar GA 27052039*, *Mámoa de As Medorras 1 GA 32072001*, *Mámoa de Monte das Medorras 9 GA 27050122*, *Mámoa de As Medorras 4/Monte das Medorras 4 GA 32072009*, *Mámoa de As Medorras 6/Monte das Medorras 2 GA 32072011*, *Mámoa de As Medorras 3 GA 32072008*, *O Porto GA 27052036*, e *Mámoa de As Medorras 2 GA 32072007*.

Os bens de carácter arquitectónico e etnolóxico son os seguintes: *Núcleo rural singular de San Xulián, adegas-cova (3) en Roblido, casas 3, 5, 11, 14, 19 e 24 en Roblido, casas 5, 10, 13, 14 e 15 en San Xulián, igrexa de San Xoán, capela de San Xulián, núcleo de Roblido, muíño en Roblido, igrexa de Cernego, alvariza de Freila e San Victor Cernego, alvariza de Cernego, núcleo de Cernego, marco da Fraga das Pas, chozo do Atallo e chozo da Fraga das Pas. A vía cultural é o *Camiño de Santiago (Camiño de Inverno)*.*

Destes elementos do patrimonio cultural, o estudo patrimonial considera que 15 deles teñen afección, en diverso grao, polas obras e que necesitaran medidas correctoras específicas, a saber:

Elemento	Axente de impacto	Impacto	Medidas correctoras específicas
<i>Mámoa 2 do Agro dos Currás GA 32063021</i>	LAT a 200m Sur	Compatible	

1. O documento recalca que a zona resulta imposible de prospectar intensivamente na súa totalidade debido ao estado da vexetación, especialmente problemáticas son as zonas de repoboación forestal cubertas de monte baixo.



<i>O Lago</i> GA 27052038	LAT a 100m Norte, apoio n.º 22 a 210m	Compatible	
<i>Mámoa das Medorras 7</i> GA 32072012	Posible uso como acceso dunha pista forestal que corta o xacemento (non proxectado)	Compatible	Signalización na cartografía de obra+ prohibición do uso doutros viarios distintos aos sinalados no proxecto +posible sinalética específica
<i>Cófar</i> GA 27052039	Acceso apoio n.º 26 a 30m Oeste. Apoio n.º 25 a 196m Norte	Moderado	Signalización na cartografía de obra+ Modificación de acceso ao apoio n.º 26 por viarios baixo vano+ posible balizado
<i>Mámoa das Medorras 1</i> GA 32072001	Posible uso como acceso dunha devasa que corta o xacemento polo Norte (non proxectado)	Moderado	Signalización na cartografía de obra+ Balizado lateral Sur+ prohibición do uso doutros viarios distintos aos sinalados no proxecto +posible sinalética específica
<i>Mámoa de Monte das Medorras 9</i> GA 27050122	Infraestrutura eólica a máis de 200m. Confluencia de devasas e pistas forestais	Moderado	Signalización na cartografía de obra+ Balizado+ prohibición do uso doutros viarios distintos aos sinalados no proxecto
<i>Mámoa das Medorras 4/Monte das Medorras 4</i> GA 32072009	Acondicionamento de pista forestal a 86m Sur. Posible uso da devasa que secciona o xacemento polo Sur	Severo	Signalización na cartografía de obra+ Balizado lateral Norte+ prohibición do uso doutros viarios distintos aos sinalados no proxecto +posible sinalética específica+ control arqueolóxico das obras de replanteo e presencial durante a execución
<i>Mámoa das Medorras 6/Monte das Medorras 2</i> GA 32072011	Acondicionamento de pista forestal a 71m Sur+ Gabia de cableado lado afastado	Severo	Signalización na cartografía de obra+ Balizado lateral Norte+ o viario proxectado cingirase ao ancho existente+ control arqueolóxico das obras de replanteo e presencial durante a execución
<i>O Porto</i> GA 27052036	LAT a 70m Sur+ apoio n.º 22 a 80m Sur	Severo	Signalización na cartografía de obra+ control arqueolóxico cimentacións apoio n.º 22
<i>Mámoa das Medorras 3</i> GA 32072008	Gabia de cableado a 70m Norte (lado próximo)+ Acondicionamento de pista forestal	Severo	Signalización na cartografía de obra+ o viario proxectado cingirase ao ancho existente+ gabia de cableado polo lado afastado+ Balizado+ prohibición do uso doutros viarios distintos aos sinalados no proxecto+ control arqueolóxico das obras de replanteo e presencial durante a execución+ posible sinalética específica
<i>Mámoa das Medorras 2</i> GA 32072007	Acondicionamento de pista forestal a 3m Sur+ Gabia de cableado lado afastado	Severo	Signalización na cartografía de obra+ o viario proxectado cingirase ao ancho existente+ Balizado+ control arqueolóxico das obras de replanteo e presencial durante a execución
<i>Chozo de Atallo</i> (restos en moi mal estado)	LAT a 20 m ao Sur e apoio 2 a 30m ao SO	Compatible	Signalización na cartografía de obra. Balizado en caso necesario. Rexistro gráfico exhaustivo dos restos conservados.
<i>Chozo da Fraga das Palas</i> (restos en moi mal estado)	Gabia de cableado a 22m ao SO	Compatible	Signalización na cartografía de obra. Balizado con cerco de madeira. Rexistro gráfico exhaustivo dos restos conservados.
<i>Muro da Fraga das Palas</i> (muro pedra en seco)	O vieiro de acceso ao aeroxerador N8 cortará o tramo sur do muro	Crítico	Signalización na cartografía de obra. Investigación da demarcación de posibles cotos u outras zonas delimitadas ás que



			podería estar vinculado.
<i>Camiño de Inverno</i>	Sobrevoos do tendido da liña entre os apoios 21 e 22. O apoio 21 sitúase a 80m	Compatible	Sinalización na cartografía de obra. Deberá manterse libre de calquera impedimento para o libre paso dos peregrinos. En caso necesario e de xeito puntual habilitaranse pasos alternativos.

Ademais destas medidas específicas no subapartado 9.2 recóllense as seguintes medidas de carácter xeral:

- Sinalización nos planos de obra dos elementos patrimoniais e os seus contornos de protección.
- Comunicación con antelación suficiente ao equipo encargado do control arqueolóxico de novas zonas de amoreamento ou obras non recollidas no proxecto.
- Restrición das obras e prohibición dos movementos de maquinaria fora das áreas marcadas ou habilitadas para este fin no proxecto.
- Establécese como recomendación, que con anterioridade ao inicio dos traballos de construción, revisión das zonas ocupadas actualmente por unha densa vexetación e que **non** foron **revisadas axeitadamente**. Esta medida débese facer extensible a practicamente a **totalidade dos aeroxeradores do parque**, xa que están en zonas cunha vexetación moi densa, especialmente os aeroxeradores N-5 e N-8.
- Remisión ao equipo de control arqueolóxico do deseño semanal do plan de obra, que lle permita realizar con antelación suficiente os traballos de revisión do replanteo e o control da limpeza da vexetación nas zonas con arborado e aquelas especialmente marcadas sobre a planimetría.

Finalmente o estudo patrimonial considera que sería axeitado articular algún tipo de medida compensatoria de carácter paliativo, tendo en conta a riqueza tumular da zona e o mal estado dos xacementos. Sinálase, a este respecto, a posible realización dun estudio en profundidade da necrópole de *Monte das Medorras/As Medorras* durante os traballos de control, que inclúa a limpeza da vexetación e a documentación gráfica dos elementos conservados de cara a unha posterior posta en valor.

- O **Anexo D Estudo de impacto e integración paisaxística do Parque eólico Neboada**, define o impacto que as actuacións proxectadas poidan xerar na paisaxe e propón medidas de integración paisaxística. Inclúe un análise do impacto sobre a paisaxe (espazos naturais protexidos, áreas de especial interese paisaxístico, lugares de especial interese cultural, paisaxístico e turístico, entre os que se atopan o **Camiño de Inverno** e os núcleos de poboación e bens de interese cultural existentes no ámbito). Asemade, inclúe infografías entre as que se atopan dúas desde Camiño de inverno, nunha das cales pódese apreciar que os aeroxeradores do parque eólico serán visibles desde o Camiño, a apenas 2 km de distancia.

Documentación complementaria achegada o 09.09.2022

- Como documentación complementaria ao EIA, a requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, achégase o documento nomeado "*Resposta ao informe da Dirección Xeral de patrimonio Cultural de 07.07.2022. Parque eólico Neboada e liña de evacuación. Agosto 2022*". Neste documento dáse conta das respostas aos distintos puntos do requirimento e inclúe:
 - Estudo de visibilidade sobre o Camiño de Inverno realizado para o parque eólico e liña de evacuación, tendo en conta tamén os parques eólicos Orballeira e Xeada.
 - Planos do trazado do Camiño ata unha distancia significativa de 15 km e vistas detalladas centradas no tramo entre Vilamartín de Valdeorras e San Miguel de Montefurado.
 - Infografías desde o Camiño de Santiago da alternativa do proxecto sometido a información pública.
 - Medidas correctoras de integración paisaxística.
Estudo da alternativa de soterrado da liña eléctrica no cruce co Camiño de Inverno.





- Como **Anexo 01** da documentación complementaria achégase o documento de *Información complementaria con alternativa para soterrar a liña Neboada en cruce con Camiño de Santiago e actuación no acceso desde Camiño de Santiago. Agosto 2022*, no que se inclúe un estudo de alternativas da traza da liña eléctrica de evacuación para o seu cruce co **Camiño de inverno**, no que se analizan 2 alternativas: a elixida e desenvolvida no proxecto e unha alternativa de soterramento da liña no cruce co Camiño.
 - Alternativa elixida. Cruce en aéreo do Camiño de Santiago, entre os apoios 21 e 22, que coincide nese tramo coa estrada asfaltada LU-933. O apoio 21 é o máis próximo ao camiño e proxéctase a 80 m da traza. O tendido sobrevoará o territorio histórico a unha altura de 21,25 m. Con esta alternativa conséguese, aproveitando o grande nivel existente, atravesar todas as infraestruturas existentes na zona: o Camiño de Santiago, 4 estradas, o ferrocarril, 3 liñas eléctricas, o río Sil e a futura autovía A-76.
 - Alternativa soterrada. Liña soterrada no seu cruce co Camiño de inverno, o que implicará as seguintes obras:
 - Substitución do apoio 21 por un apoio de fin de liña de 43,75 m de altura total.
 - Instalación dun novo apoio 21B nas coordenadas (647078, 4695719).
 - Creación de dous novos vieiros, un paralelo ao Camiño de Santiago para o acceso ao novo apoio e outro para acceso á plataforma B, tamén paralelo ao Camiño.
 - Creación de dúas plataformas (A e B), situadas a ambos lados do camiño, onde se colocarán as arquetas para os pozos de ataque.
 - Perforación rixida por debaixo do Camiño de Santiago.

Os redactores conclúen que a alternativa de soterrado da liña ao seu paso polo Camiño de inverno implica aumentar as remocións de terra, realizar dous novos vieiros e gabias, realizar unha perforación dirixida baixo a traza do camiño, aumentar a altura do apoio 21 e colocar un novo apoio 21b, que sobresaía 14 m sobre a cota actual do Camiño de inverno. Consideran, pois, que alternativa elixida de cruce en aéreo que figura no proxecto tramitado provoca menor afección ao camiño.

Asemade, este Anexo 01 inclúe tamén unha análise detallada do acceso ao parque eólico desde a N-120. Nesta estrada nacional tomarase o desvío para a continuar pola estrada OU-933 durante 1,5 Km (tramo que se compartirá co Camiño de inverno) para logo tomar un desvío á dereita pola estrada local de Roblido que leva ao viario interior do parque. Identifícanse varios puntos críticos que se analizan mediante ortofotos e fotografías, e conclúese que a circulación dos transportes especiais poderase realizar sen modificacións na actual estrada OU-933, no seu tramo compartido co Camiño de Santiago. Será necesario en dous puntos, realizar cortes de tráfico e deter a circulación de peóns e peregrinos, de xeito puntual, namentres pase o transporte especial. Estes puntos coinciden cunha ponte que reduce o ancho da estrada OU-933 e co desvío á estrada local de Roblido.

- Como **Anexo 2** e **Anexo 3** da documentación complementaria achéganse respectivamente Infografías das alternativas en aero (proxecto tramitado) e da alternativa soterrada, segundo o descrito no anexo 01, feitas desde distintos puntos do Camiño de inverno e outros de interese (núcleos, miradoiros, ...). A análise de afección faise da liña de evacuación e do parque eólico, conxuntamente dos parques eólicos Neboada, Orballeira e Xeada.

Proxecto de interese autonómico:

- O proxecto de interese autonómico redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Neboada.
- No subapartado 2.2 *Descrición del ámbito territorial afectado* sinálase que os concellos afectados contan con PXOM², salvo A Proba de Trives que se rixe polas Normas Subsidiarias de

2. Ribas de Sil PXOM aprobado o 17.03.2009, Vilamartín de Valdeorras PXOM aprobado o 13.12.2013; A Rúa PXOM aprobado o 25.02.2016; e Quiroga PXOM aprobado o 08.03.2019.





Planeamento do 12.07.2009 e S. Xoán de Río ao que se lle aplica o PBA do 26.07.2018. De acordo coa lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia so os concellos da Rúa e Quiroga contan con Solo rústico de Protección Patrimonial afectado polo parque eólico.

- Nos subapartados 1.6.1.5. *Conservación del patrimonio natural y cultural* e 3.5. *Protecciones arqueológicas* sinálase que o viario de acceso ao parque e a gabiá de interconexión entre os aeroxeradores e a subestación se realizarán dentro da área de cautela dos elementos catalogados: *Mámoa 2 do Monte das Medorras GA 27050028*, *As Medorras M-2 GA 32072007*, *As Medorras M-3 GA 32072008*, *As Medorras M-6 GA 32072011* *Mámoa 3 do Monte das Medorras GA 27050029* e *Mámoa 4 do Monte das Medorras GA 27050030*. Estas obras realizaranse a máxima distancia posible, pola marxe oposta dos viarios, sen ocupar ningunha zona de protección dos elementos patrimoniais.

No mesmo subapartado 3.5 engádesse que previo ás obras realizarase unha prospección arqueolóxica para localizar calquera resto arqueolóxico ou de patrimonio e, balizarase o contorno de protección, para non afectar ao ben durante as obras.

- No subapartado 1.6.3.1. *Paisaje, patrimonio natural y cultural* sinálase que as afeccións ao patrimonio cultural son compatibles, xa que respectan as áreas de protección para os diferentes elementos catalogados, e téñense en conta as diferentes indicacións dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- No subapartado 1.7.5.2. *Otros valores ambientales y patrimoniales* recóllese un listado dalgúns dos elementos do patrimonio cultural localizados no ámbito de estudo. Os bens arqueolóxicos son recollidos polo nome e código, segundo o Inventario de Xacementos Arqueolóxicos de Galicia.
- Como anexo I inclúese o documento de síntese do estudo de impacto ambiental, no que se identifican as afeccións ambientais producidas polas obras proxectadas e se formulan as medidas preventivas destinadas a minimizar os impactos. Asemade remite ao EslA para máis información.

Unha vez analizado o documento pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- O parque eólico Neboada xunto con Orballeira e Xeada constitúen un único parque eólico, de xeito que comparten accesos, subestación e liña de evacuación.
- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o plan básico autonómico, os visores do Instituto de Estudos do Territorio, e o planeamento municipal constátase que na zona de afección do parque eólico e liña de evacuación existen bens integrantes do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras e que son identificados na *Prospección arqueolóxica para o estudo de impacto patrimonial* que constitúe o Anexo G do EIA, na que se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.
- Entre os elementos identificados destaca o **Camiño de Santiago** (Camiño de Inverno), porén o estudo de impacto sobre o patrimonio cultural soamente analiza e valora o impacto da afección visual da liña de evacuación. Cómpre sinalar que o Camiño de Inverno está recoñecido como unhas das rutas principais do Camiño de Santiago en base ao disposto no artigo 73.2 da LPCG polo que, segundo o artigo 75.1 da LPCG, ten a consideración de ben catalogado coa categoría de Territorio Histórico.
- Os aeroxeradores sitúanse próximos ao Camiño de Inverno, a distancias que van desde os 2 km. ata os 4,5 km. Ademais hai que ter en conta que o parque eólico Neboada, xunto co parque eólico Orballeira forman un só parque, como se reflectía no documento de inicio e comparten subestación. A documentación complementaria achegada o 09.09.2022 inclúe a análise visual detallada con infografía desde diferentes puntos do **Camiño de inverno**, feitas considerando conxuntamente os parques eólicos Xeada, Orballeira e Neboada, tal como se requiría no informe desta dirección xeral do 07.07.2022. Nesta análise pódese apreciar que a maior visibilidade dos aeroxeradores se producirá no tramo máis próximo, ao seu paso pola localidade da Rúa, aínda que non se considera relevante tendo en conta, ademais, que a traza discorre en boa parte por estradas nacionais e comarcais.
- Asemade, a liña eléctrica de evacuación cruza en aéreo a traza do Camiño de Inverno, entre os





apoios 21 e 22, nunha zona onde se concentran diferentes factores a ter en conta no deseño, como son varias estradas, varias liñas eléctricas, o ferrocarril e o río Sil. A documentación complementaria achegada o 09.09.2022 estuda a alternativa de liña soterrada para cruzar o trazado do Camiño. En base ao análise comparativo (liña aérea e liña soterrada) das recreacións infográficas incluídas na documentación complementaria, considérase que a creación dun novo apoio 21B e a súa construción ocasionará un impacto visual e directo máis prexudicial que a afección producida polo voo do cableado sobre o camiño, que se produciría a unha altura do chan considerable. Porén, o apoio 21, situado a 80 m da traza, a unha cota máis alta, produce un impacto visual significativo que deberá ser corrixido.

- Consultados os arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e as distintas ortofotografías e visores cartográficos, a análise do sombreado, o plano de pendentes e a información LiDAR non é previsible que aparezan bens arqueolóxicos nas zonas afectadas pola implantación da infraestrutura eólica. Agora ben, a presenza dunha densa vexetación *"en practicamente a totalidade dos puntos de implantación aeroxeradores do parque, especialmente nos aeroxeradores N-5 e N-8"* fai que **non** se poida **garantir a inexistencia de elementos arqueolóxicos** non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios, son susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio.
- Revisada a información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio detéctase unha anomalía topográfica de posible interese arqueolóxico a 135 m ao N do apoio nº 37 da LAT, nas coordenadas: X: 642.002 – Y: 4.693.980 (ETRS89/UTM F-29). Este elemento está recollido como posible mámoa na listaxe de puntos de interese do subapartado 5.2. *Trabajo de Gabinete* do Anexo G do EslA, onde se sinala como elemento non visitado (lonxe das obras).
- Tendo en conta a gran riqueza tumular na zona de implantación do parque eólico e o mal estado de conservación no que se atopan moitas das mámoas debido, na maior parte dos casos, a apertura de devasas e pistas forestais, faise imprescindible que a implantación do parque eólico non agrave a difícil situación actual. Como se sinala no EslA a *"creación do parque eólico debería servir para recuperar e garantir a protección da necrópole"*. Neste senso considérase necesario que se evite o acondicionamento da pista forestal existente para acceder aos aeroxeradores do parque e se busque unha alternativa que non pase pola área de cautela da necrópole megalítica do *Monte das Medorras/As Medorras*; recordar que a zona está chea de pistas forestais e devasas que se sitúan fora da devandita área de cautela e que incluso se pode empregar o viario de acceso ao PE Xeada, que bordea a zona de cautela da necrópole.
- Por outra parte, considérase de gran interese para o patrimonio arqueolóxico da zona a medida compensatoria proposta dentro do documento patrimonial do EslA; onde, co obxecto de definir o verdadeiro estado de conservación e de cara a unha futura posta en valor das mámoas da necrópole *Monte das Medorras/As Medorras* se propón o rexistro e documentación gráfica das mesmas. Tendo en conta isto e vista a proliferación sen control de devasas, pistas e traballos forestais que están alterando e incluso arrasando algúns dos túmulos faise necesario que o devandito estudo incorpore unha análise crítica dos axentes que causan o actual deterioro da necrópole para poder establecer medidas activas de conservación preventiva de forma inmediata.
- Segundo a Lei 3/2007, de 9 de abril, *de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia* ha de xestionarse a biomasa de certas especies de arbustos e árbores nun diámetro de 200m ao redor de cada aeroxerador instalado e nunha faixa de 5 m dende a proxección dos condutores eléctricos máis externos nas liñas de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica. Neste senso debemos recordar que, se finalmente se constrúen os aeroxeradores N-03 e N-05 e a LAT de evacuación, o contorno de protección dos túmulos *Mámoa das Medorras 1 GA27072001*, *Mámoa das Medorras 7 GA 32072012* e dos xacementos *O Porto GA 27052036* e *O Lago GA 27052038* quedarán parcialmente dentro de solo rústico de protección de infraestruturas.
- No apartado II. *Planos* do PIA recóllese a proposta de ordenación urbanística. No Plano EG353010202 P06 folla 5/19, que atinxe a *Necrópole de Mámoa das Medorras/Monte das Medorras*, non se recolle a actualización de datos arqueolóxicos levada a cabo no EslA. No Anexo G deste





documento sinálase que a *Mámoa de Monte das Medorras 4 GA 27050030* esta incorrectamente situado no inventario do PXOM de Quiroga e que a *Mámoa de Monte das Medorras 3 GA 27050029* non existe.

- Asemade, tendo en conta o visor do Plan Básico Autonómico de Galicia actualizado por Resolución do 21/12/2021 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, coa corrección de erros do 14/03/2022 (DOG 28/01/2022 e 30/03/2022), o Plano EG353010202 P12 folla 5/19 do PIA non está actualizado polo que respecta ao patrimonio arqueolóxico.
- Cotexados os datos e a planimetría dos dous documentos (EslA e PIA) compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto eólico.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e logo de ser avaliado polo Consello Asesor dos Camiños de Santiago na súa sesión do 25 de outubro de 2022, e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, emítese informe **favorable** dos documentos: *Estudo de Impacto Ambiental Parque eólico Neboada e liña de evacuación. Decembro 2021* e *Proxecto de interese autonómico. Parque eólico Neboada e liña de evacuación. Outubro 2021* e tendo en conta a información aportada na documentación complementaria achegada o 09.09.2022. Teranse en conta as medidas correctoras, tanto as obrigatorias como as recomendadas, establecidas no estudo de impacto sobre o patrimonio cultural, que constitúe o Anexo G do EIA e debéndose, en todo caso, ter en conta o seguinte:

- Co obxecto de reducir o impacto visual desde o **Camiño de inverno**, producido polo apoio 21 da liña aérea de evacuación, situado a 80 m da traza, o promotor mandará unha proposta detallada de integración paisaxística que contemple actuacións de plantado de arboredo autóctono de xeito que se mitigue, todo o posible, a visión deste apoio desde o camiño. Asemade incluírá a definición en planta das zonas das actuacións e as especies utilizadas, así como recreacións infográficas que permitan valorar a redución da afección visual producida. Esta documentación presentárase antes da construción do dito apoio, para a autorización das obras pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Dado que a densa vexetación impediu a correcta revisión das posicións dos aeroxeradores, especialmente os N-5 e N-8, considerase necesario que **antes da execución da obra** se leve a cabo una roza baixo control arqueolóxico que permita prospectar a zona correctamente. Os resultados desta actuación serán postos en coñecemento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para que como organismo competente na materia, poida decidir sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.
- O viario de acceso a torre anemométrica e aos aeroxeradores e máis a gabiá de cableado paralela ao mesmo deberán desprazarse fora do contorno de protección da necrópole do *Monte das Medorras/As Medorras*. Recoméndase empregar o viario de acceso ao PE Xeada, que bordea a zona de cautela da necrópole. A nova alternativa deberá ser avaliada e informada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- A totalidade dos traballos de construción do parque eólico e da liña de evacuación realizarase baixo control e seguimento arqueolóxico. A tal fin e previo ao inicio das obras, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). O proxecto, incorporará tódalas medidas correctoras propostas no Anexo G do EslA e aquelas outras que se deriven das consideracións técnicas deste informe. O control e





seguimento será presencial en tódalas obras que afecten ao contorno de protección dos xacementos *O Porto* **GA 27052036** e *O Lago* **GA 27052038**.

- A a escavación do apoio nº 22 da LAT, localizado no contorno de protección do xacemento *O Porto* **GA 27052036** realizarase con metodoloxía arqueolóxica.
- No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos. No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos, avaliarase o impacto das obras sobre os mesmos, estableceranse as medidas correctoras oportunas e comunicarase inmediatamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Comprobarase en campo a presenza dun posible elemento de interese arqueolóxico nas coordenadas x: 642.002; y: 4.693.980 (ETRS89/UTM F-29). No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos o equipo que leva a cabo o control arqueolóxico avaliará e cualificará o impacto, e fará unha proposta de medidas protectoras e correctoras a DXPC.
- Asemade, e como medida compensatoria, debe realizarse un estudo en profundidade da necrópole do *Monte das Medorras/As Medorras* que permita documentar a importancia da mesma e poñer en marcha as correspondentes medidas preventivas que eviten que siga deteriorándose.
- No replanteo das zonas afectadas polas obras, onde se detecte a existencia de valados tradicionais feitos coa técnica de pedra en seco, como o recollido no Anexo G Estudo de impacto arqueolóxico, estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais que poidan verse afectados polas mesmas. En todo caso, procurarse axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas.
- Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e durante as labores de restauración ambiental, procederase á reintegración e remate axeitado dos tramos de muro que resulten afectados durante as obras.
- Unha vez rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos do patrimonio cultural. Se é necesario, redactaranse e presentaranse, como anexo a Memoria Técnica derivada do Proxecto de control e seguimento arqueolóxico, fichas normativizadas con información actualizada dos novos bens ou daqueles bens arqueolóxicos que sufriron algún tipo de modificación.
- En relación co Proxecto de Interese Autonómico:
 - Deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes á ordenación urbanística. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios (Anexo G do EsiA).
 - Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
 - Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
 - Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- Durante a fase de mantemento do parque, segundo a Lei 3/2007, de 9 de abril, *de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, ha de xestionarse a biomasa de certas especies de





arbustos e árbores nun diámetro de 200m ao redor de cada aeroxerador instalado e nunha faixa de 5m dende a proxección dos condutores eléctricos máis externos nas liñas de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica. A área de cautela dos túmulos *Mámoa das Medorras 1* **GA27072001**, *Mámoa das Medorras 7* **GA 32072012** e dos xacementos *O Porto* **GA 27052036** e *O Lago* **GA 27052038** atópase parcialmente dentro da área de afección dos aeroxeradores N-03, N-05 e LAT de evacuación, polo que calquera intervención (incluída a roza de maleza e corta de arborado) que se leve a cabo dentro da súa área de protección terá que ser autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm.126, o 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES E EFICIENCIA ENERXÉTICA DA DIRECCIÓN XERAL DE
PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA
DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

